

Secretaría Xeral Técnica
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
Complexo Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

ALEGACIÓNS E PROPOSTAS DA CSIF RELATIVAS Á MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (AL.1)

O pasado 11 de xuño de 2025 tivemos unha primeira reunión para a negociación da proposta de modificación de postos de traballo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A Consellería argumenta que o obxecto da proposta é acadar unha mellora na organización e funcionamento do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), potenciando a profesionalidade e estabilidade do seu persoal a través dunha modificación da RPT que mellora as condicións dos postos de traballo e establece un modelo único de oficinas de emprego.

CSIF leva anos exixindo a mellora da situación do persoal que presta servizos nas oficinas de emprego. Deste xeito, na mesa sectorial de funcionarios do pasado 14 de marzo, a CSIF valorou positivamente que a Consellería asumira esta necesidade, pero manifestamos a **nosa oposición a que isto implicara a retirada de cerca de 200 postos de traballo do concurso de traslados**. Como informamos naquel intre, **a nosa proposta era retirar os postos, modificalos, e volver a incluílos no concurso**. Desde xeito teríanse evitado unha gran parte dos problemas actuais e sobre os que se presentan as seguintes alegacións:

I. RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO A AMORTIZAR:

Primeiro: Vinculación e antigüidades

Solicitamos que se clarifique na memoria si nos postos que se amortizan hai algunha persoa traballadora e, de ser así, solicitamos que se reflicta o tipo de vínculo que ten coa administración, así como a antigüidade no posto. No caso de postos ocupados por persoal temporal de longa duración, debe terse en conta que ademais das posibles indemnizacións que puideran dar lugar polo seu cesamento, perderíase a especialización dunha parte do cadro de persoal da oficina de emprego, ao prescindir de profesionais cualificados e con ampla experiencia, coa consecuente afectación da prestación do servizo.

Non esquezamos que un dos obxectivos fundamentais pretendidos pola Administración para xustificar a modificación da RPT é a de mellorar o funcionamento do Servizo Público de Emprego de Galicia, a través dunha maior especialización dos cadros de persoal das oficinas, redundando ambos obxectivos nunha mellora da prestación do servizo e en consecuencia, nunha mellora na atención das persoas usuarias.

Segundo: Destrución de emprego público

No documento anexo de relación de postos de traballo a amortizar aparecen un número de **204 postos a amortizar** dos que **18** pertencen aos **Servizos Centrais** da Consellería (en diante SS.CC), **17** as **Xefaturas Territoriais** (en diante XX.TT) e **169** postos nas **oficinas de emprego**. Iso supón, que o **82,84%** dos postos amortizados son nas **oficinas** fronte ó **17,16%** de postos amortizados nas estruturas dos Servizos Centrais e Xefaturas Territoriais.

O máis rechamante é que se amortizan **60** postos base **A1** nas oficinas de emprego do total de **67** (4 non dotados), **18** de **20** postos base **A2**, **7** de **8** postos base **C1**, **53** de 62 postos base **C2** e **6** de 8 postos de **subalerno** que supón o **75%** do total dos postos base amortizados en oficinas de emprego.

O custo de amortizacións nas oficinas de emprego comporta a cantidade de **5.951.770,36 €**, é dicir un **89,67% do custo total** das amortizacións cifrada en 6.637.511,73 €.

Cadro 1: Custo amortizacións postos en oficinas de emprego.

DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO	NIVEL	AMOR-TIZAC.	CUSTO POR POSTO	TOTAL
DIRECTOR/A O/E / COORD.	A1, A2	28	2	63.910,30	127.820,60
DIRECTOR/A O/E / COORD.	A1, A2, C1	25	1	63.910,30	63.910,30
DIRECTOR/A O/E	A1, A2, C1	22	2	40.145,01	80.290,02
DIRECTOR/A O/E	A2, C1, C2	20	3	40.145,01	120.435,01
XEFATURA SECCIÓN	A1, A2, C1	25	1	52.074,76	52.074,76
XEFATURA DE UNIDADE	A1, A2, C1	22	2	47.627,07	95.254,14
XEFATURA UNIDADE	A1, A2, C1	22	2	44.862,38	89.724,76
POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20	60	43.606,64	2.580.182,94
XEFATURA NEGOCIADO	A2, C1, C2	18	7		229.509,56
POSTO BASE SUBGRUPO A2	A2	16	18	37.566,51	676.929,39
AXUDANTE DE ADMINISTRACIÓN	C1, C2	16	4	32.849,07	131.396,28
POSTO BASE SUBGRUPO C1	C1	14	7	31.429,40	220.005,80
POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12	53	27.657,89	1.382.894,50
SUBALTERNO	AP	10	6	25.607,29	102.429,16
			168		5.951.770,36 €

En resumo, o número de postos amortizados en oficinas de emprego son do **82%** do total da presente memoria mentres que a porcentaxe de custo das amortizacións é de case o **90%** nas oficinas de emprego con respecto do total da proposta de amortización da RPT que estamos a negociar.

Por conseguinte, e polos motivos expostos, CSIF oponse ás amortizacións de postos ocupados polo persoal temporal, xa que implicará un gasto de diñeiro público no pago de posibles indemnizacións e provocará a diminución na calidade da prestación nos servizos públicos. Esperamos da administración unha proposta que de solución a esta problemática.

II. RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO A CREAR:

No documento anexo de relación de postos de traballo a crear aparecen un número de 172 postos a crear dos cales 38 créanse en SS.CC e Departamentos Territoriais (en diante DD.TT) fronte os 134 que se crean nas oficinas de emprego. Isto supón que **79%** das creacións se realizan en oficinas **fronte o 21%** nos SS.CC. e nos DD.TT.

Centrándonos de novo nas oficinas de emprego na creación deses 134 postos de traballo fronte aos 37 creados en SS.CC e SS.PP supón un **custo 5.362.603,71 €**, é dicir un **72,68%** do total de 7.378.306,95 €.

Cadro 2: Custo creación postos en oficinas de emprego.

DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO	NIVEL	CREACIÓN	CUSTO POR POSTO	TOTAL
DIRECTOR/A O.E.	A1, A2, C1	25, 26	8	58.749,34	450.445,22
XESTOR/A DE EMPREGO	A2, C1, C2	20	109	40.841,94	4.451.771,46
SUBALTERNO	AP	12	17	25.607,29	460.387,03
			134		5.362.603,71

III. BALANCE DE AMORTIZACIÓN FRONTE A CREACIÓN:

Visto o exposto nos apartados anteriores podemos considerar que existe unha potente diminución de recursos humanos nas oficinas de emprego e con respecto a situación global das amortizacións e creacións, debemos de reflexar que existe un claro prexuízo coa perda de postos de traballo nas oficinas de emprego con respecto ao resto e que supón unha clara **diminución do emprego público nos lugares de atención directa aos cidadáns**.

Con respecto aos custos, débese de ter en conta que existe un esforzo por parte da Consellería en dotar de maior nivel os postos nas oficinas como é o caso da creación dos novos postos de traballo de Xestor/a de emprego, a equiparación dos postos de directores/as e o aumento de nivel dos subalternos ao 12.

Tamén, temos que valorar e comparar que existe un detrimento nos custos de creacións nos SSCC e DD.TT fronte a perda nas oficinas de emprego. No cadro seguinte podemos observar que mentres que o custo por case os mesmos postos amortizados que creados favorécese en case 800.000 €, é dicir que amortizamos 44 postos polo equivalente a 779.967,73 € e creamos dous postos máis dos amortizados (46) polo custe de 1.568.293,95 € cuxa saldo se establece en 788.326,22 € case o total da desigualdade entre amortizacións e creacións.

Polo tanto, por un lado dótese maior emprego e mellora do emprego público en estrutura con case **800.000€** fronte a redución que se produce nas oficinas de emprego de case **50.000 €** (-47.531,00 €) e consecuentemente a **perda de 34 efectivos**.

Cadro 3: Balance dos postos amortizados e creados

POSTOS	NÚMERO DE POSTOS		TOTAL POSTOS	CUSTOS		TOTAL CUSTO
	S.C/X	O.E		S.C/X	O.E	
AMORTIZACIÓNS	44	160	204	779.967,73 €	5.857.544,00 €	6.637.511,73 €
CREACIÓNS	46	126	172	1.568.293,95 €	5.810.013,00 €	7.378.306,95 €
RESULTADO	2	-34	-32	788.326,22 €	-47.531,00 €	740.795,22 €

IV. CONVIVENCIA ENTRE OS EMPREGADOS PÚBLICOS DAS OFICINAS DE EMPREGO

Como ben se coñece nas oficinas existe unha convivencia do máis diverso. A forma de provisión é a de Concurso onde cohabitan os corpos xerais, unha escala técnica de corpo xeral e persoal con vinculación laboral.

Nunha estrutura piramidal de funcionarios (de carreira e interinos) que conduce o director/a de oficina (niveis 25 ou 26) existen outras denominacións como son as xefaturas de negociado (nivel 18), postos base A1 (nivel 20), postos base A2 (nivel 16), postos base C1 (nivel 14) postos base C2 (nivel 12) e subalterno/a (nivel 10). Tamén indicar que en algunhas oficinas existen postos de limpador/a con nivel 10.

A figura do técnico/a de orientación e prospección laboral con nivel 18 e con funcións definidas pola súa lei de creación, vaise ver incrementado o seu nivel ata o 20. Indicar que estes postos están ocupados por persoal funcionario interino que cesarán ao cumprir os 3 anos ou ben toda vez que finalice antes deste período, o proceso selectivo desta escala pola incorporación dos que así superen o proceso selectivo.

Tamén debemos de indicar que se vai a crear unha serie de postos con unha nova denominación chamada "Xestor/a de emprego" cun nivel 20 que estaría aberto aos subgrupos A2, C1 e C2 pero de momento na memoria non figura ningún tipo de funcións.

E, finalmente dicir que as postos base de A1 (nivel 20) e de A2 (nivel 16) veñen realizando funcións de orientación laboral con máis de 25 e 30 anos de servizo.

Polo tanto, ímonos atopar con persoas que están a desenvolver postos de nivel 20 (A1) realizando funcións de orientación que non se lle ve incrementado o seu nivel a pesar de ter máis de 25 anos de servizo, postos de nivel 16 (A2) que tamén realizan funcións de orientación e que tamén non se lle ven incrementado o seu nivel con respecto a outros postos e que posiblemente acaben realizando as mesmas funcións ou que veranse usurpadas as súas funcións por outras categorías e grupos.

Tamén sucede con postos de nivel 14 (C1) e nivel 12 (C2) que en moitos casos teñen de 10 ata 35 anos de servizo tampouco se ven incrementado o seus nivel equiparando aos niveis 20 e tamén se crean uns postos de subalterno que se igualan ao nivel 12 (C2) deixando outros subalternos/as co nivel 10.

Por unha parte, dende a Consellería comunícasenos que os postos de "Xestor/a de emprego" estarían pensados para que o distintos postos de traballo como poden ser de xefatura de negociado, postos base A2, postos base C1 e postos base C2 poidan tomar en comisión de servizos estes novos postos e ver incrementado o seu nivel.

Pero, estaríamos en que se trata de que esa persoa estaría nun novo posto e deixaría o destino en situación de vacante que a administración o pode cubrir ou non, polo que volveríamos ter unha diminución de efectivos nas oficinas de emprego.

V. PROPOSTA DA CSIF PARA AS OFICINAS DE EMPREGO

A primeira proposta de CSIF sería que se estudiara a posibilidade dun **Plan de ordenación de recursos humanos** en virtude do artigo 47 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, xa que tal como tal se pode comprobar que esta proposta de modificación ven precedida dunha análise das dispoñibilidades e necesidades de persoal, desde o punto de vista tanto do número de efectivos como dos seus perfís profesionais ou niveis de cualificación, nun determinado sector orgánico ou funcional da mesma.

Desta forma o persoal funcionario de carreira que ocupe o posto a consecuencia deste plan pode ser destinado a outro posto de traballo polo procedemento de reasignación de efectivos. Segundo o artigo 103.2 da Lei 2/2015, *"a adscripción ao posto de traballo adxudicado por reasignación ten carácter definitivo e equivale, para todos os efectos, a unha adxudicación realizada por concurso, a condición de que o posto suprimido ocupácese con carácter definitivo. No cómputo dos prazos de permanencia no posto que esta lei establece para poder participar nos procedementos de concurso de provisión de postos de traballo incluírase o tempo de permanencia no posto suprimido, se este se obtivese por concurso"*.

Todo isto para o persoal traballador funcionario tería un carácter voluntario.

A segunda proposta, en caso de que non fose levada a cabo a primeira, sería de **homologación e/ou ampliación de niveis** para aqueles postos que non foron incrementados.

Opción 1: Mellora dos niveis dos seguintes postos pendentes de suba.

DENOMINACIÓN DO POSTO	SUBGRUPO	NIVEL	NUM.	CUSTO	PROPOSTA	RESTO	AUMENTO CUSTO
POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20	70	8.491,42	10.397,66	1.906,24	133.436,80
XEFATURA DE NEGOCIADO	A2, C1, C2	18	10	7.714,00	8.491,42	777,42	7.774,20
POSTO BASE SUBGRUPO A2	A2	16	31	7.484,96	8.491,42	1.006,46	31.200,26
AXUDANTE DE ADMINISTRACIÓN	C1, C2	16	3	7.484,96	8.491,42	1.006,46	3.019,38
POSTO BASE SUBGRUPO C1	C1	14	13	7.149,10	8.491,42	1.342,32	17.450,16
POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12	51	6.813,80	8.491,42	1.677,62	85.558,62
SUBALTERNO	AP	10	10	6.680,52	7.026,74	346,22	3.462,20
			188				281.901,62

Opción 2: Proposta de suba de nivel para postos que non se teñen en conta na memoria.

DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL	NUM.	CUSTO	PROPOSTA	RESTO	AUMENTO CUSTO
ASESOR/A DE EMPREGO E ORIENTACIÓN	A1	20	70	8.491,42	10.397,66	1.906,24	133.436,80
SUBALTERNO	AP	10	10	6.680,52	7.026,74	346,22	3.462,20
			80				136.899,00

O subgrupo A1 leva facendo funcións técnicas anteriormente as transferencias do Estado a Comunidade Autónoma de Galicia das políticas activas de emprego. Seguidamente foise incorporando persoal laboral e funcionario de carreira a darlle continuidade a esas funcións de nivel superior e outras propias nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia dende que teñen atribuídas as referidas competencias. Tamén, veñen realizando funcións relativas a información, asesoramento e coordinación de actividades en materia de xestión de emprego e orientación profesional para o emprego, polo que propoñeríase un cambio na denominación de posto base A1 por **"Asesor/a de emprego e orientación"** cun **nivel 24**.

Con respecto a suba de nivel de subalterno ao **nivel 12**, xustifícase coa mellora de nivel que así ven reflexada na proposta de creación de postos de traballo.

Opción 3: Proposta de suba de nivel dos postos restantes da RPT que poden optar ao postos de xestor/a de emprego

DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL	NUM.	CUSTO	PROPOSTA	RESTO	AUMENTO CUSTO
XEFATURA DE NEGOCIADO	A2, C1, C2	18	10	7.714,00	8.491,42	777,42	7.774,20
POSTO BASE SUBGRUPO A2	A2	16	31	7.484,96	8.491,42	1.006,46	31.200,26
AXUDANTE DE ADMINISTRACIÓN	C1, C2	16	3	7.484,96	8.491,42	1.006,46	3.019,38
POSTO BASE SUBGRUPO C1	C1	14	13	7.149,10	8.491,42	1.342,32	17.450,16
POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12	51	6.813,80	8.491,42	1.677,62	85.558,62
			108				145.002,62

Con estas opcións, e sempre que estes postos non puidesen ou non acceder aos postos de "xestor de emprego" incrementárase o seu nivel no mesmo posto e así seguiríase dotando "unha estrutura de postos que os faga atractivos para os empregados públicos, coa finalidade de incentivar a súa provisión e acadar unha maior estabilidade no emprego público" e como consecuencia do anterior, acadar unha "mellora do funcionamento do Servizo Público de Emprego de Galicia, cunha maior especialización do persoal e en consecuencia unha mellora da atención á cidadanía".

En resumo, dotárase a todos postos que sexan atraentes para a súa provisión, ben polo persoal de carreira que concursa no próximo concurso de traslados e tamén para aquelas persoas que superen os procesos extraordinarios de estabilización para que aquel persoal con máis de 25 anos de experiencia cunha ampla formación sobre a materia, teña a oportunidade de continuar prestando servizos nas oficinas de emprego e non verse tentadas a cambiar de funcións.

ALEGACIÓNS SOBRE CENTRO DE ORIENTACIÓN E EMPRENDEMENTO

No Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación, de nova creación, ten actividades e actos en xornada tanto de mañá coma de tarde, polo que os postos de traballo creados para o mesmo como os de Técnico/a Emprendemento e Técnico/a Orientación e Prospección Laboral deberían especificar no campo de Observacións "Dispoñibilidade horaria".

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	OBSERVACIÓNS
COE-CENTRO DE ORIENTACIÓN E EMPRENDEMENTO	EM4010000015770031	TÉCNICO/A DE EMPRENDEMENTO	Dispoñibilidade horaria
	EM4010000015770031	TÉCNICO/A DE EMPRENDEMENTO	Dispoñibilidade horaria
	EM4010000015770035	TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN LABORAL	Dispoñibilidade horaria
	EM4010000015770036	TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN LABORAL	Dispoñibilidade horaria

En Santiago de Compostela na data da sinatura dixital